



RESOLUCIÓN DO 29 DE NOVEMBRO DE 2017 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE SOLO URBANIZABLE PE-3R DA ÁREA DOTACIONAL DE BASTIAGUEIRO, NO CONCELLO DE OLEIROS

Promotor: Concello de Oleiros

Órgano substantivo: Concello de Oleiros

Expediente: 2017AAE2094

Código web: 1992/2017

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O día 11.12.2014 aprobouse definitivamente o documento que complementa a aprobación definitiva¹ do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Oleiros, que posteriormente foi obxecto de varias modificacións puntuais.
2. O día 25.08.2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello de Oleiros no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial de solo urbanizable PE-3R da área dotacional de Bastiagueiro*, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 29.08.2017 esta Dirección Xeral iniciou, a través da súa sede electrónica, un período de consulta pública dos documentos recibidos, o cal finalizou o día 30.10.2017. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, entre outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS


1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o regulamento da citada Lei do solo (RLSG).
2. Segundo o artigo 46.2b) da LSG o planeamento de desenvolvemento debe someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
3. De acordo co artigo 75.3b) da LSG, o órgano ambiental tras consultar ás administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses, formulará o informe ambiental estratéxico que determinará se o plan ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.
4. O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

¹ Do día 11.03.2009 por Orde da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes.

CONSIDERACIONES TÉCNICAS

1. Características do Plan especial (PE)

Ámbito de actuación: terreos a carón da estrada AC-173 (Avenida Ernesto Che Guevara), entre o parque e praia de Bastiagueiro e o Parque forestal de Liáns, no concello de Oleiros.



Ámbito afectado polo PE


Superficie: o ámbito ocupa 70.180 m² de solo.

Obxecto: ordenar a área dotacional de Bastiagueiro, onde se desenvolverán actividades de natureza deportiva e, complementariamente, actos socioculturais ou recreativos.

Proposta: na alternativa elixida “2” mantense a zona de aparcadoiro oeste, o estadio da Facultade de ciencias do deporte e educación física e o paso a nivel sobre a estrada AC-173. En base ao levantamento topográfico realizado, propone un pequeno reaxuste da delimitación do ámbito, atendendo ao parcelario catastral e aos límites físicos presentes.

As alternativas desbotadas foron a “0”, ou mantemento da situación actual, e a “1”, onde a superficie destinada a aparcadoiro era superior e precisaba da eliminación de parte da masa arbórea autóctona situada ao leste do ámbito.

A **zonificación** propón un “sistema viario e de aparcadoiro” de 17.652 m² situado a carón da estrada, con acceso directo dende a rotonda existente, que acollerá en torno a 550 prazas de vehículos. En contacto co aparcadoiro sitúase a zona para o “equipamento deportivo e complementario sociocultural e recreativo” (37.686 m²), que abarca o estadio e os terreos entre este e a pista de skate existente. A superficie restante destínase a zona verde e outros espazos (14.822 m²).




Ordenación detallada proposta no PE

Respecto da **topografía**, respectase no posible o perfil existente, propoñendo a reintegración parcial da topografía natural na zona de contacto co Parque forestal de Liáns, agora alterado polos movementos de terras realizados en obras de explanación anteriores.

Na ordenación intégranse a **mobilidade** peonil e ciclista, a través da materialización de itinerarios adaptados que atravesarán o ámbito pola zona verde reservada ao sur. Este percorrido conectarase coa rede existente peonil e ciclista na estrada AC-173, así como co camiño ao sueste cara ao Parque forestal de Liáns.

En canto a zona de **dotacións** prevista, esta responde á demanda da entidade local dun centro municipal de usos múltiples -cunha capacidade en torno ás 1.200 persoas- no que se poidan desenvolver diferentes actos de natureza deportiva, así como outros espectáculos socioculturais e recreativos.

A masa de árbores autóctonas situada ao leste do ámbito intégrase dentro da **zona verde**. No entanto, o resto de masas arbóreas situadas na zona de equipamento serán eliminadas.



Imaxe extraída do DAE, páx. 31.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O Plan especial localízase a 200 m da praia de Bastiagueiro, no concello de Oleiros. O municipio conta cunha superficie de 43,7 km² e unha poboación de 35.013 habitantes (INE 2016). Limita ao leste co concello de Sada, ao oeste co concello da Coruña, ao suroeste con Culleredo e ao sur co concello de Cambre.

O Plan especial localízase nunha contorna urbana, entre os núcleos de Santa Cruz e de Santa Cristina, con presenza de vivendas de tipoloxía unifamiliar e dotacións educacionais e deportivas. No interior do ámbito existen as seguintes construcións: o estadio da Facultade de ciencias do deporte e educación física, un aparcadoiro con capacidade para 250 prazas e unha pista deportiva de skate.

No que respecta ás **infraestruturas de comunicación**, o ámbito linda polo norte coa estrada AC-173 (Perillo-Mera), que conta con carril para bicicletas e dous pasos a nivel para peóns que conectan o PE co outro lado da vía. O acceso á mesma realiza a través dunha vía que parte da rotonda existente. Na contorna discorren outras estradas de titularidade municipal. Destacar tamén a proximidade do aeroporto de Alvedro-A Coruña (a algo máis de 4 km), estando afectado o ámbito polas súas servidumes aeronáuticas.

En relación á **rede hidrográfica**, o ámbito pertence á Demarcación hidrográfica de Galicia-Costa e se insire na conca hidrográfica da ría da Coruña. O rego de Bastiagueiro discorre canalizado na súa totalidade polo interior do ámbito, en dirección Leste-Oeste, volvendo a saír á superficie unha vez fóra del, no seu tramo final.

A topografía é praticamente chaira, coa presenza de pequenos noiros entre as plataformas que articulan o aparcadoiro existente. O Plan especial está inserido no ámbito do POL, dentro da área de ordenación e afectado parcialmente por un corredor ecolóxico. Non afecta a ningún **espazo protexido** pola Rede galega de espazos protexidos ou pola Rede Natura 2000, así como outros instrumentos que contan con algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza, dos espazos naturais ou da flora e a fauna. Sinalar que o ámbito insírese na reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.



En relación aos **valores patrimoniais**, no interior do ámbito non existe ningún elemento catalogado. Non obstante, o PE vese afectado pola contorna de protección da Escola de capataces (B-24), edificación do arquitecto *Alejandro de la Sota*. Outros bens situados nas proximidades son o souto de castiñeiro da mencionada escola, e os treitos 2 e 3 do camiño 490.

Segundo o Plan parcial, existen **infraestruturas** de abastecemento e saneamento nas inmediacións do ámbito que permiten a súa conexión á rede.

Respecto dos **riscos**, sinalar que o ámbito do PE encádrase dentro dunha Área con risco potencial de inundación, (ARPSI). Concretamente, augas arriba e abaixo do ámbito sitúase unha zona de fluxo preferente denominada “Río Mero, Arteixo e Ría da Coruña” (ES014-CO-11-03), asociada ao curso do rego de Bastiagueiro, que discorre canalizado ao seu paso polo sector obxecto do PE.

3. Período de exposición pública e consultas previas

Recibiuse resposta do Instituto de Estudos do Territorio e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnológica.

O Concello deberá considerar a totalidade das observacións de todos os informes no proceso de elaboración do PE, para o cal remítenselle os textos íntegros recibidos. A continuación resúmense as principais cuestións formuladas:

Instituto de Estudos do Territorio

Sinala que o ámbito presenta certa degradación ambiental nos espazos libres entre dotacións, coa proliferación de herba da pampa (*Cortaderia Selloana*), especie contida no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras (real Decreto 630/2013). Non obstante, no extremo leste do perímetro sur, pódense atopar masas de especies arbóreas autóctonas en bo estado de conservación.

Considera que a ordenación proposta (alternativa 2) resulta respectuosa con estes valores naturais e paisaxísticos áinda presentes, e vén acompañada dun conxunto de medidas preventivas e correctoras entre as que se destacan positivamente: o uso de especies autóctonas para a revestación de espazos verdes, a creación dun corredor verde de transición entre o novo espazo e o veciño Parque forestal de Liáns e integración topográfica das infraestruturas previstas. Non obstante, atendendo aos principios do POL, na área de ordenación e nos corredores ecológicos, as medidas preventivas e correctoras deberán completarse con consideracións relativas ao emprego de pavimentos naturais de alta permeabilidade, á recuperación das especies propias do lugar, á erradicación das especies invasoras presentes no ámbito, e ao establecemento de condicións específicas para os peches que favorezan a preservación do fondo escénico, a conectividade dos hábitats e a funcionalidade ecolólica.

Conclúese que o plan non vai supoñer un impacto paisaxístico significativo, sempre e cando se teña en conta as cautelas anteriormente expresadas.

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnológica

Informa que non é previsible que as actuacións comprendidas no dito plan teñan impacto nas actividades de acuicultura mariña ou continental competencia desta Dirección Xeral.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Analizada a documentación remitida, as características do ámbito afectado, así como as respuestas ás consultas realizadas, fanse as seguintes consideracións:

O PE establece usos dotacionais e reordena un ámbito reducido do territorio que xa conta na actualidade con usos semellantes. O PE non establece un marco para a futura autorización de

proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Non inflúe noutros plans ou programas, nin na lexislación en materia de medio ambiente.

Considérase que, en xeral, a actuación vai ter efectos positivos no medio (rexeneración dunha área degradada, creación de novas zonas verdes e equipamentos, reordenación da zona de aparcadoiro...).

A eliminación de masas vexetais situadas na zona dotacional -con presenza de exemplares arbóreos de certo porte- pode afectar á funcionalidade do corredor ecolóxico do rego de Bastiagueiro que identifica o POL, aínda que a creación dunha zona verde de transición entre os equipamentos previstos e o Parque forestal de Liáns minimizará este efecto. Así mesmo, a urbanización do ámbito pode incidir na permeabilidade dos solos, se non se establecen medidas para favorecer a integración de pavimentos filtrantes.

Na zona pode apreciarse a presenza de especies vexetais invasoras, en concreto da herba da pampa (*Cortaderia selloana*), cuxa propagación pode verse favorecida polos movementos de terra necesarios para o desenvolvemento do Plan.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzcan efectos ambientais significativos derivados do PE. Se ben, para favorecer a sustentabilidade da proposta, o PE deberá considerar as determinacións ambientais que se establecen neste informe.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Plan especial de solo urbanizable PE-3R da área dotacional de Bastiagueiro*, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente. No entanto, para favorecer a sustentabilidade da proposta, establecense as seguintes determinacións:

- Na medida do posible, recoméndase integrar na ordenación proposta os **exemplares arbóreos de maior interese**, en especial no ámbito do corredor ecolóxico do rego de Bastiagueiro.
- Na normativa recolleranse consideracións relativas ao emprego de **pavimentos** naturais e permeables, integrados na contorna. Así mesmo, recoméndase incluír técnicas de drenaxe urbana sustentable, consonte recolle a det. 4.8.11 das DOT.
- A normativa do Plan incluirá medidas para evitar a propagación de **especies exóticas invasoras**, tales como o control das actuacións de movemento de terras e a súa erradicación durante as obras de urbanización do ámbito.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

Conforme:

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan especial de solo urbanizable PE-3R da área dotacional de Bastiagueiro**, no concello de Oleiros. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integrarase no planeamento as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal); remitirase ao Concello de Oleiros, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación do PE.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprueba o PE no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algúin, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do PE.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa



CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Expediente IET: P-17-433

Denominación: Plan especial de solo urbanizable PE-3R, área dotacional de Bastiagueiro

Concello: Oleiros (A Coruña)

Expediente AAE: 2017AAE2094



A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratégico (DAE) do plan especial de infraestruturas e dotacións para o desenvolvemento dun área dotacional en Bastiagueiro, no municipio de Oleiros, dentro do procedemento de avaliación ambiental estratégica simplificada, de conformidade coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe.

O plan especial afecta a unha superficie de 66487 m², na que a meirande parte atópase xa destinado a usos de equipamento (estadio e pista de skate) e aparcadoiro. O obxectivo do plan é a posta en servizo de novos espazos dotacionais e aumentar a superficie destinada a aparcadoiro.

En relación co Catálogo das paisaxes de Galicia aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o ámbito do proxecto sitúase dentro da comarca paisaxística Golfo Ártabro Interior, que forma parte da grande área paisaxística Golfo Ártabro. En relación ao ámbito de aplicación do Plan de Ordenación do Litoral (POL), atópase na unidade de paisaxe de Bastiagueiro dentro da área continua de ordenación e nun corredor ecológico.

Actualmente o ámbito presenta certa degradación ambiental nos espazo libres entre dotacións, coa proliferación de Herba da Pampa (*Cortaderia selloana*), especie contida no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras (Real Decreto 630/2013). Non obstante, no extremo leste a perímetro sur, pódense atopar masas de especies arbóreas autóctonas en bo estado de conservación.

A ordenación proposta (alternativa 2) resulta respectuosa con estes valores naturais e paisaxísticos áinda presentes e ven acompañada dun conxunto de medidas preventivas e correctoras entre as que se destacan positivamente: o uso de especies autóctonas para a revestación de espazos verdes, a creación dun corredor verde de transición entre o novo espazo e o veciño parque forestal de Liáns e integración topográfica das infraestruturas previstas. Non obstante, atendendo aos principios do POL na área de ordenación e nos corredores ecológicos, as medidas preventivas e correctoras deberán completarse coas seguintes consideracións:

- Deberán preverse pavimentos naturais e integrados na contorna como xabre, zahorra ou macádam, cando menos, daqueles tramos destinados a tránsito peonil e ciclista. Naquelhas áreas que, por necesidades de tránsito ou aparcadoiro de vehículos, resulte imprescindible o uso de materiais más resistentes, deberán escollerse preferentemente solucións de alta permeabilidade.

- As especies invasoras son especies exóticas introducidas polo ser humano fóra da súa área de distribución natural, e que presentan un comportamento invasivo que impide o desenvolvemento da diversidade vexetal autóctona producindo unha evidente banalización da paisaxe. Polo tanto, en coherencia coas medidas correctoras para a conservación de flora contempladas no DAE, e tendo en conta que as intervencións na paisaxe no ámbito do POL deben velar pola recuperación das especies propias do lugar (art. 75.f) e evitar a proliferación de especies foráneas no seu patrimonio natural (art.20), o plan deberá prever a erradicación das especies invasoras presentes no ámbito.
- De preverse a instalación de novos peches no ámbito, o plan debería establecer condicións específicas en canto a materiais, alturas, criterios de deseño, etc., tendo en conta que, de acordo aos principios recollidos nos artigo 37 e 38 do POL, nas áreas de ordenación e nos corredores ecolóxicos, deberase preservar o fondo escénico das paisaxes litorais e garantir a conectividade dos hábitats e a funcionalidade ecolóxica. Deste xeito, deberase restrinxir a posibilidade de executar peches macizos que poidan constituír innecesarias fragmentacións ambientais e/ou paisaxísticas.

Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considerase que o plan non vai supoñer un impacto paisaxístico significativo, sempre e cando se teñan en conta as cautelas anteriormente expresadas.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe O director do Departamento Técnico de Estudos

José Luis Álvarez Vicente

Alfredo Fernández Ríos

Visto e conforme a directora do Instituto de Estudos do Territorio



Inés Santé Riveira